

I EDICIÓN. PREMIOS DE INNOVACIÓN EN SAÚDE 2019

Nesta primeira edición, e de acordo ás dúas modalidades convocadas - profesional e pacientes-, o proxecto premiado na **categoría profesional** foi o presentado polas doutoras da área sanitaria de Ferrol, Nuria Oliver, Maria Dolores Álvarez e Rosa Arroyo, consistente no **desenvolvemento dun instrumento que permita explorar e obter a fotografía do fondo ocular coa axuda dunha lente de condensación de 20 e/ou 28 dioptrías e un smartphone**.



CONTIDOS RELACIONADOS

Entrevista aos
premiados

Resolución de
concesión dos I
premios

NOVAS

Sanidade entrega
os I Premios á
Innovación en
Saúde do Sistema
Público de Galicia

Así mesmo, na **categoría de pacientes**, o proxecto galardoado foi presentado por Andrés Núñez Gonzalez, quen desde a área sanitaria de Santiago, propuxo a creación dunha **unidade multidisciplinar de formación e capacitación nos coidados e atención de nenos con doenzas graves**, e na que os pais e nais destes menores, tras seren formados polo persoal da Unidade Pediátrica de Crónicos Paliativos, pasarían a ser posteriormente formadores dos seguintes pais.



Grande acollida con 70 proxectos de innovación e 11 finalistas

Un total de 11 proxectos chegaron até a final dun certame ao que se presentaron 70 traballos de innovación sanitaria.

Desde as sete áreas sanitarias galegas achegáronse **56 iniciativas desde eido profesional**, e outras **14 candidaturas desde a categoría de pacientes**, organizacións ou asociacións sen ánimo de lucro que traballan de xeito directo ou indirecto, na procura dun Sistema Público de Saúde máis innovador e eficiente.

Convocatoria e bases reguladoras 2019

